



Concello de Noia

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES.

Primeira: Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para o transporte daqueles alumnos, maiores de 20 anos, que cursen estudos universitarios ou de ciclos de formación en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Muros, Porto do Son, Pobra do Caramiñal, Bertamiráns, Padrón, Riveira, Boiro, Rianxo, Negreira ou Vilagarcía de Arousa; ou se despracen para a realización de calquera tipo de actividade formativa en asociacións ou centros dirixidos a persoas con discapacidade para o vindeiro curso académico.

O inicio do curso académico considerarase no mes de outubro e o remate no mes de xuño (tres trimestres).

Dita subvención materializarase a través de ingresos trimestrais na conta bancaria que indique o beneficiario, conta na que deberá figurar como titular.

As presentes bases dítanse de conformidade co establecido no artigo 8 e concordantes da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Noia.

Segunda: Finalidade das subvencións.

Constitúe a finalidade das axudas económicas que se convocan favorecer o desprazamento dende Noia dos alumnos, maiores de 20 anos, que cursen estudos universitarios ou de formación profesional nas cidades enumeradas.

Terceira: Dotación orzamentaria.

As axudas concedidas mediante as presentes bases serán imputadas á partida 326 48000 "Servizos complementarios educ. Axuda libros/comedor/transporte". Ditas axudas pagaranse de xeito progresivo e por trimestre vencido (o primeiro pago realizarase no mes de xaneiro, o segundo pago no mes de abril e o último pago se realizará no mes de xullo), ata completar unha bolsa anual de 24.000E

Cuarta: Contía das axudas.

As axudas ascenderán a unha cantidade trimestral fixa, segundo a cidade na que se desenvolvan os estudos dos beneficiarios.

Dita cantidade calcúlase aplicando o 50% sobre o custe de cada viaxe, considerando que se realizan dúas viaxes semanais (ida e volta).

Quinta: Beneficiarios.

Concello de Noia



Concello de Noia

Para ser beneficiario da subvención, o solicitante deberá reunir os seguintes requisitos mínimos:

- A. Ser maior de 20 anos.
- B. Estar empadroado no Concello de Noia, cun mínimo de 6 meses de antigüidade.
- C. Cursar calquera das actividades formativas que sexan obxecto da presente convocatoria (base 1^a), mantendo a matrícula todo o curso académico.
- D. Non superar os ingresos brutos *per cápita* da unidade familiar en que estea integrado a cantidade de 1,5 veces o salario mínimo interprofesional anual correspondente aos dous anos anteriores á convocatoria do vindeiro curso académico.

Sexta: Solicitude e documentación necesaria.

A. Presentación de solicitudes

As solicitudes destas axudas axustaranse ao modelo establecido que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e tamén estará á disposición dos/as interesados/as na sede electrónica do Concello.

A presentación de solicitudes, unha vez cumprimentadas polos interesados, farase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI) do solicitante.
2. Fotocopia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente aos dous exercicios anteriores á convocatoria do curso académico de referencia. No caso de non estar obrigado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) a presentala, deberá achegar certificación emitida ao respecto pola AEAT; de non ter tributado en España, deberán achegar a declaración da renda ou imposto equivalente no país correspondente; de non constar ningún dato, deberá xustificar os ingresos familiares mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos, todos eles referidos aos dous exercicios anteriores á convocatoria do vindeiro curso académico:

- Certificado do INEM, no caso de recibir prestación ou subsidio de desemprego.

Concello de Noia



Concello de Noia

- Certificación do Instituto da Seguridade Social ou organismo correspondente no caso de percibir pensión contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade.

 - Certificación acreditativa no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da lei de integración social de minusválidos.

 - De non ser posible a presentación de ningún destes documentos, deberase achegar informe ao respecto do departamento de Servizos Sociais.
3. Certificación bancaria que acredite a titularidade do solicitante da conta na que se efectuarán os ingresos correspondentes á axuda.
4. Acreditación da axuda para os fins previstos, a través da seguinte documentación:
- Matrícula oficial de estudos.

 - Certificado ou similar de asistencia a actividades formativas en asociacións para persoas con discapacidades.
5. Para os casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentara un deterioro significativo en relación co exercicio utilizado para a análise da capacidade económica, os solicitantes interesados poderán manifestar tal circunstancia acreditando a nova situación económica, achegando a documentación xustificativa correspondente ao exercicio anterior á convocatoria do vindeiro curso académico, así coma a correspondente aos dous exercicios anteriores á convocatoria do vindeiro curso académico (coa finalidade de acreditar o deterioro). Así mesmo, deberán acreditar documentalmente o motivo do deterioro económico (despido, liquidación empresarial, etc.)

En calquera caso, **é obrigada a acreditación dos ingresos ou da súa inexistencia**, ben mediante a documentación antes citada ou mediante o correspondente informe sociofamiliar, **de tódolos membros que forman a unidade familiar.**

B. Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes deberanse presentar no **prazo de quince días hábiles**, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, data na que se dará publicidade no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do

Concello de Noia



Concello de Noia

Concello de Noia.

Sétima: Procedemento.

A. Exame e valoración das solicitudes.

1.0 estudo e valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de valoración, integrada polos seguintes membros: a axente de desenvolvemento local, a pedagoga de servizos sociais de atención primaria, a interventora municipal, a concelleira delegada de educación e o alcalde ou concelleiro no que delegue.

2.0 exame das solicitudes implicará a comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixidos. No caso de que algunha das solicitudes tivese algún erro ou omisión emendable, seralle comunicado ao interesado para que no prazo máximo e improrrogable de cinco días naturais poida emendar a falta. Tal comunicación poderá realizarse por vía telemática ou telefónica, deixando constancia da mesma nunha dilixencia escrita.

Se os erros non se corrixisen ou non se cumprisen os requisitos mínimos para ser beneficiario, non se admitirá a solicitude.

B. Contía das axudas.

A contía das axudas será o 50% do coste de dous viaxes á semana, entendendo un total de oito viaxes ao mes. Dada a variación anual do importe, a contía exacta da axuda virá especificada na convocatoria de cada ano.

Para o caso de non ser suficiente a dotación orzamentaria prevista na cláusula terceira, asignaranse as axudas seguindo o criterio da menor renda per cápita dos solicitantes.

A estes efectos enténdese por:

- RENDA FAMILIAR: A suma da base imponible xeral e a base imponible do aforro, correspondentes aos dous exercicios anteriores á convocatoria do vindeiro curso académico e a todos os membros computables.

No caso de xustificar os ingresos mediante algún dos certificados consideraranse os importe íntegros obtidos durante o ano.



Concello de Noia

● MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR:

- ◆ solicitante.
- ◆ O pai, a nai, o titor ou persoa encargada da garda e protección dos menores que formen parte da unidade familiar.
- ◆ Irmáns solteiros menores de 25 anos que residan no domicilio familiar e que non teñan recursos económicos.
- ◆ Irmáns de maior idade cunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, acreditado mediante documentación.
- ◆ Os ascendentes dos pais que residan no mesmo domicilio que os anteriores.
- ◆ No caso de que algún dos membros da unidade familiar que resida no mesmo domicilio e dependa economicamente dos ingresos familiares, estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada computará do seguinte xeito: en tanto a discapacidade sexa igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%, a persoa computará coma dous membros. No caso de que a discapacidade sexa igual ou superior ao 65%, esa persoa computará coma tres membros.

No caso de divorcio ou separación legal ou de feito dos pais, non se consideraría membro computable aquel que non conviva co solicitante da axuda, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica.

C. Informe de avaliación das axudas.

Practicada a valoración das solicitudes e clasificadas estas con arranxo ao establecido anteriormente, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se concrete a avaliación realizada, asignando as axudas a cada un dos solicitantes beneficiarios dentro do límite das disponibilidades orzamentarias existentes.

Oitava: Órgano instrutor

O órgano instrutor será o alcalde ou o/a concelleiro/a no que delegue as competencias en materia de ensino, sendo o órgano competente para a resolución a concelleira delegada de economía e facenda.

Segundo establece o artigo 13 da ordenanza de subvencións do Concello de Noia, o órgano instrutor, á vista do informe da comisión de valoración, formulará proposta de resolución provisional, que deberá notificarse aos interesados concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións. Esta notificación realizarase colectivamente no

Concello de Noia



Concello de Noia

taboleiro de anuncios así como na sede electrónica do Concello de Noia, identificando cada solicitude co número asignado co rexistro de entrada do documento de solicitude, a fin de respectar a normativa en materia de protección de datos.

Examinadas as alegacións aducidas polos interesados e previo exame e informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, quedando vinculado polo devandito informe.

Novena: Resolución

O órgano municipal competente para resolver sobre a concesión ou denegación da axuda será o alcalde ou concelleiro no que delegue, sendo vinculante a tal efecto a proposta de resolución.

A resolución ditarase no prazo máximo de tres meses dende a data de finalización de presentación de solicitudes e deberá conter a relación de solicitantes que resultaran beneficiarios.

A resolución notificarase aos interesados que foran propostos como beneficiarios na fase de instrución, para que no prazo de dez días naturais comuniquen a súa aceptación.

A notificación realizarase da mesma forma que a provisional, mediante a publicación colectiva no taboleiro de anuncios así como na sede electrónica do Concello de Noia, identificando cada solicitude co número asignado co rexistro de entrada do documento de solicitude, a fin de respectar a normativa en materia de protección de datos.

Decima: Xestión.

Unha vez ditada a resolución e comunicada por parte do beneficiario a aceptación da mesma, o Concello ingresará na conta bancaria do solicitante a contía correspondente ao primeiro trimestre do curso no mes de xaneiro, repetindo o proceso no mes seguinte á finalización do segundo e do terceiro trimestre, ata completar o total da axuda concedida.

Undécima: Xustificación do cumprimento da finalidade da axuda concedida.

Durante os meses de agosto e setembro do segundo exercicio do curso académico, o Concello de Noia verificará o cumprimento da finalidade da axuda concedida para o que deberá quedar acreditado o feito de que o beneficiario asistiu ás actividades formativas que serviron de base para a concesión da axuda.

Antes do remate do mes de setembro, o beneficiario deberá xustificar que ten superado o 25% dos créditos matriculados, quedando excluídos os créditos convalidados, recoñecidos ou adaptados.

Concello de Noia



Concello de Noia

No caso de non poder acreditar os devanditos extremos, procederá o reintegro das cantidades percibidas, máis os xuros de demora correspondentes.

Décima segunda: Compatibilidade da subvención.

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de axudas ou subvencións, sempre e cando non supere o importe total do gasto, doutro xeito verase reducida.

Décima terceira: Normativa de aplicación.

As presentes bases réxense pola ordenanza xeral de subvencións do Concello de Noia, de data 1 de febreiro de 2005 (BOP da Coruña, núm. 25, de 1 de febreiro de 2005), así coma pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, o RD 887/20006, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/09, polo que se aproba o seu regulamento.